



## XVII CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO”

A Dirección do “IES TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na XVII Edición do Concurso “Ignacio López Bueno”. Nesta edición traballaremos sobre “A AUGA”.

Algúns dos nosos obxectivos son:

- **Comprender a importancia que ten a mesma no desenvolvemento da vida en todos os niveis.**
- **Investigar e analizar o uso que se fai dela, e como contribúe a actividade humana á contaminación da auga.**
- **Coñecer as problemáticas sociais e medioambientais por causa dos desequilibrios da súa distribución xeográfica, que nestes últimos tempos tanto nos afectan.**

Por todo isto, animamos a participar a tódolos departamentos didácticos e a todo o alumnado na presente edición do concurso.

### BASES DO CONCURSO:

#### PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de educación secundaria **ESO, BACHARELATO, FPB e CICLOS** que estean matriculados no presente curso no IES Terra de Trasancos.

#### TRABALLO:

O traballo consistirá nunha **presentación informática ou audiovisual en formato mp4 en horizontal (máximo 800 MB)**, podendo darlle ao mesmo un **enfoque informativo: MODALIDADE DOCUMENTACIÓN**, ou máis creativo: **MODALIDADE CREACIÓN**. Sempre tendo en conta que deberá ser un traballo **de divulgación científica e de análise social e/ou medioambiental** en relación co tema elixido, **levando así a unha reflexión final**.

Tódolos traballos deberán levar ao final, nos títulos de crédito, *o/s nome/es da/s persoa/s* que o elaboraron, así como o curso e grupo ao que pertencen.

#### VALORACIÓN DO TRABALLO NAS DÚAS MODALIDADES:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- O tratamento medioambiental do tema.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.

- O rigor nos aspectos estéticos e tecnolóxicos.
- A Conclusión/reflexión final en relación aos obxectivos propostos.

### **ENTREGA DO TRABALLO:**

- **Na aula virtual no apartado de actividades: XXX Semana Verde no nivel educativo correspondente.**

### **DATAS DE PRESENTACIÓN:**

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día **26 de maio do 2024**.

### **PREMIOS:**

En cada modalidade, DOCUMENTACIÓN e CREACIÓN, establécense os seguintes premios:

**1 premio para alumnado de 1º, 2º, 3ºESO e FPB.**

**1 premio para alumnado de 4º ESO, Bacharelato e Ciclos.**

### **ENTREGA DE PREMIOS:**

O fallo do concurso darase a coñecer o día **5 de xuño do 2024** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterratrasancos> A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo no Salón de Actos do centro ese mesmo día **ás 12:10 da mañá**.

### **XURADO:**

Estará constituído polos seguintes membros:

Un/ha profesor/a do Departamento de Administración, unha profesora do Departamento de Artes Plásticas, unha profesora do Departamento de Física e Química, unha profesora do Departamento de Tecnoloxía e unha profesora do Departamento de Galego.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

**A participación no concurso implica a aceptación destas bases, autorizando a publicación e difusión dos traballos presentados en plataformas dixitais e redes sociais, así como impresos con fins didácticos.**

Narón, a 25 de abril de 2024.

Asdo.: Graciela Galdo Vigo  
Directora  


